

**I. DISPOSICIÓNS XERAIS****VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

*DECRETO 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia.*

**I**

O alto nivel deportivo, con altas cotas de exigencia non só deportiva senón noutros ámbitos como o familiar, formativo, laboral ou social, precisa por parte dos poderes públicos de respostas para facilitar aos e ás deportistas medidas que permitan compatibilizar a súa preparación e práctica competitiva co desenvolvemento do resto dos seus planos vitais. Estas medidas deben ser acordadas coas necesidades propias de cada idade, e tamén coas distintas etapas do progreso deportivo: desde os inicios da dedicación ata a retirada, pasando polo cénit da carreira competitiva.

**II**

O Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, no seu artigo 27.22, recolle a competencia da Comunidade Autónoma galega en materia da promoción do deporte en réxime de exclusividade.

Ao abeiro desta competencia, apróbase a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, cuxo obxecto é promover e coordinar o deporte na Comunidade Autónoma de Galicia, así como ordenar o seu réxime xurídico e a súa organización institucional, de acordo coas competencias que o Estatuto de autonomía e o resto do ordenamento xurídico lle atribúen á Comunidade Autónoma de Galicia.

As primeiras referencias legais ao alto nivel deportivo atópanse xa entre os principios xerais, tendo en conta que, no ámbito das súas respectivas competencias, as administracións públicas galegas fomentarán a práctica do deporte conforme os seguintes principios dispostos no artigo 4, que recolle de acordo co disposto no artigo 4.g) a promoción do deporte de competición e de alto nivel en colaboración coas federacións deportivas e demais entidades con competencia en materia de deporte.

Entre as competencias que a norma reserva á Administración autonómica de acordo co artigo 5.1, letras m) e q), establece entre aquelas a de «regular e fomentar o deporte e os e



as deportistas de alto nivel de Galicia e as categorías de deportistas, así como os requisitos para seren incluídos/as nestas e os seus beneficios», así como a de «establecer e, de ser o caso, recoñecer os centros de alto nivel deportivo da Comunidade Autónoma. Ningunha instalación que non sexa recoñecida pola Administración autonómica poderá utilizar as denominacións establecidas por ela neste ámbito». No tocante aos e ás deportistas, de acordo co artigo 34, «Terán a consideración de deportistas galegos de alto nivel, ou doutras categorías que se poidan establecer, aqueles/as deportistas que reúnan os requisitos establecidos regulamentariamente e sexan recoñecidos como tales pola Administración autonómica en función dos seus resultados, proxección, nivel deportivo, expectativas de progreso e interese para o deporte galego». Así mesmo, de acordo co disposto no artigo 32.2, «Atendendo a criterios de rendemento e mérito deportivo, os deportistas poderán ser de alto nivel ou doutras categorías que poidan establecerse regulamentariamente».

De acordo co artigo 34, «A Administración autonómica establecerá as formas de apoio para estes/as deportistas galegos, así como a súa inserción social e profesional durante a súa carreira deportiva e ao final desta». Igualmente, de acordo co artigo 35, «En función dos intereses deportivos da Comunidade Autónoma, poderán ser declarados de alto nivel os técnicos, adestradores e árbitros en función dos mesmos criterios de interese deportivo a que se refire o artigo anterior».

No artigo 36 reflíctense os beneficios que pode levar o dito recoñecemento, e de conformidade co disposto no número 3, «No marco da función honorífica da Xunta de Galicia poderá establecerse regulamentariamente a condición vitalicia de deportista galego/a de alto nivel para aqueles que se caracterizasen especialmente por elevar o nivel do deporte galego ou a representación deportiva de Galicia».

En desenvolvemento da normativa sobre o alto nivel recollida na derogada Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte de Galicia, a Administración autonómica aprobou o Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro, polo que se regula a cualificación dos deportistas galegos de alto nivel e os programas de beneficios dirixidos a estes, e a Orde de 30 de maio de 2005 pola que se establecen os requisitos deportivos para o acceso á condición de deportista galego de alto nivel, en desenvolvemento do Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro. Despois da experiencia adquirida nestes anos, faise necesario aprobar unha regulación que responda máis axeitadamente ás novas realidades e necesidades do sector e dos axentes deportivos, e que permita ademais asentar unhas bases máis sólidas para o desenvolvemento do alto nivel deportivo de Galicia, en desenvolvemento da regulación que sobre o deporte de alto nivel contén a Lei 3/2012, así como establecer unha nova regulación que atenda tamén outras categorías deportivas.



## III

Este decreto estrutúrase en seis capítulos, cun total de 58 artigos, catro disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e catro disposicións derradeiras.

O capítulo I dedícase a definir o obxecto do decreto, e no cal se distingue entre o alto nivel, o alto rendemento deportivo e o rendemento deportivo de base, e o capítulo II dedica as súas disposicións ás dúas primeiras categorías.

Estruturado en catro seccións, este capítulo regula as persoas destinatarias, os requisitos e o procedemento para o recoñecemento, a súa vixencia e perda, e os beneficios e obrigas derivadas do recoñecemento. O decreto introduce aquí numerosas novidades respecto do sistema anterior: a apertura da condición de alto nivel ás persoas adestradoras e técnicas e ás persoas que sexan xuíces e xuizas e árbitros e árbitras, a posibilidade de que as persoas interesadas soliciten o recoñecemento en calquera momento do ano, a eventual condición vitalicia do alto nivel ou, entre outras, unha máis efectiva relación dos beneficios e obrigas asociadas ás condicións de alto nivel e alto rendemento deportivo.

O capítulo III dedica os seus tres artigos ás e aos deportistas de rendemento deportivo de base, e que conforman o substrato e a base para os estadios superiores do alto rendemento deportivo e o alto nivel deportivo. A continuación, o capítulo IV desenvolve outra importante novidade respecto do decreto do 2004: os centros de alto nivel deportivo e os núcleos de adestramento deportivo especializados; estes que estes últimos responden á necesidade de abarcar e protexer outras posibles realidades da preparación da alta dedicación deportiva existente na Comunidade Autónoma.

O capítulo V dedícase á tamén nova Oficina de Atención ao Deportista. A oficina responde á necesidade de ofrecer un espazo de referencia onde atender e asesorar as e os deportistas sobre os recursos e servizos e que se lle poñen á súa disposición. Preténdese así establecer unha canle directa para que os e as deportistas poidan acceder ao coñecemento dos seus dereitos e obrigas, e á utilización dos servizos que están á súa disposición.

Finalmente, o capítulo VI aborda a Comisión galega de avaliación do alto nivel deportivo, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base, órgano colexiado adscrito ao órgano superior da Administración autonómica con competencias en materia deportiva, que asumirá as funcións recollidas no decreto.



Nas disposicións adicionais do decreto recóllense previsións relacionadas coa Oficina de Atención ao Deportista, o Centro Galego de Tecnificación Deportiva, a posibilidade de subscribir convenios de reciprocidade neste ámbito con outras comunidades autónomas e a actualización dos modelos normalizados.

As disposicións transitorias do decreto abordan a vixencia dos criterios técnicos deportivos aprobados en desenvolvemento do decreto do ano 2004, así como a situación dos e das deportistas xa recoñecidos por esta norma, dos procedementos de recoñecemento que estean iniciados no momento da entrada en vigor do presente decreto e da Comisión de Avaliación do alto nivel deportivo, do alto rendemento e do rendemento deportivo de base.

A disposición derogatoria prevé a perda de vixencia das normas que resultan afectadas por esta norma e as catro disposicións derradeiras regulan a modificación do artigo 9.3.i) do Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; a modificación do artigo 12.2 do Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva, a habilitación para o desenvolvemento normativo e a entrada en vigor da norma.

A tramitación desta norma adecuouse ao disposto nos artigos 40 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e obtíveronse, entre outros trámites, informe económico-financeiro, informe sobre impacto de xénero, informe dos departamentos con competencia en administracións públicas, de Función Pública e de Universidades, do Consello Escolar de Galicia, do Consello Galego de Formación Profesional, do Consello Galego de Universidades e informe da Asesoría Xurídica Xeral. Así mesmo, procedeuse ao trámite de audiencia ás entidades máis representativas, federacións deportivas de Galicia, ás universidades galegas, á Federación Galega de Municipios e Provincias e á Comisión de Persoal, e de información pública a través da páxina web da Xunta de Galicia. Ademais, observáronse os principios de boa regulación establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e dicir, os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.



Na súa virtude, por proposta das persoas titulares da Consellería de Facenda e Administración Pública, Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, de Cultura, Educación e Universidade, de Política Social e co referendo da persoa titular da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, de acordo co Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do dezasete de setembro de dous mil vinte,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto*

1. O presente decreto ten por obxecto a regulación do deporte de alto nivel de Galicia, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base.

2. Así mesmo, son obxecto de regulación neste decreto, pola súa relación coas materias citadas no número 1, os centros de alto nivel deportivo, os núcleos de adestramento deportivo especializado, a Oficina de Atención ao Deportista e a Comisión galega de avaliación do alto nivel deportivo, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base.

#### Artigo 2. *Definicións*

Para os efectos deste decreto, enténdese por:

a) Deporte de alto nivel: práctica deportiva de interese para a Comunidade Autónoma polo estímulo que supón para o fomento do deporte base, pola súa función representativa da Comunidade Autónoma nas competicións deportivas oficiais do máximo nivel, nacional e internacional, e por estar dirixida á obtención dos máximos resultados.

b) Alto rendemento deportivo: práctica deportiva que aínda non pode ser cualificada de alto nivel pero cuxa proxección indica que estará en condicións de selo, constituíndo o nivel inmediatamente inferior ao deporte de alto nivel.

c) Rendemento deportivo de base: etapa de desenvolvemento e perfeccionamento previa a acadar o alto rendemento deportivo ou o alto nivel, constituíndo o nivel inmediata-



mente inferior ao deporte de alto rendemento. Correspóndese principalmente con aqueles deportistas en idade escolar interesados, desde o ámbito formativo e competitivo, en desenvolver un maior nivel deportivo.

### Artigo 3. *Recoñecemento*

1. Para o recoñecemento da condición de alto nivel, de alto rendemento deportivo ou de rendemento deportivo de base, será necesario o cumprimento dos requisitos e a tramitación dos procedementos regulados no presente decreto (con código de procedemento PR948A).

2. Así mesmo, os centros de alto nivel deportivo e os núcleos de adestramento deportivo especializado deberán ser obxecto de recoñecemento conforme o previsto neste decreto e a tramitación dos procedementos regulados no presente decreto (con código de procedemento PR948B para o recoñecemento dos núcleos de adestramento deportivo especializado).

## CAPÍTULO II

### Das condicións de alto nivel e de alto rendemento deportivo

#### *Sección 1ª. Dos requisitos e procedemento*

### Artigo 4. *Suxeitos destinatarios*

1. A condición de alto nivel poderá ser recoñecida, consonte o procedemento e requisitos establecidos no presente capítulo, aos deportistas, aos técnicos e adestradores e aos xuíces-árbitros.

2. A condición de alto rendemento deportivo poderá ser recoñecida, consonte o procedemento e os requisitos establecidos no presente capítulo, aos deportistas.

### Artigo 5. *Requisitos*

1. Para a obtención das condicións de alto nivel e alto rendemento deportivo, as persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter nacido en Galicia ou ter a veciñanza administrativa nun municipio de Galicia ininterrompidamente desde, polo menos, un ano antes á obtención dos méritos deportivos en



que se fundamente a solicitude. Excepcionalmente, non se exixirá a antigüidade na veciñanza administrativa a aquelas persoas que acrediten ter residido durante a súa etapa de formación deportiva en Galicia por un período de dous anos consecutivos ou tres alternos, e enténdese por etapa de formación deportiva o período comprendido entre os 8 e os 17 anos, ambos incluídos.

b) Ter 16 anos feitos na data de presentación da solicitude. Este requisito non será exixible nos supostos que se determinen por orde da persoa titular da consellería competente en materia de deporte en atención á modalidade e ás especiais características de determinadas prácticas deportivas.

c) Estar en posesión de licenza deportiva vixente expedida por unha federación deportiva galega. Excepcionalmente, debido á inexistencia da federación ou da modalidade e/ou especialidade deportiva na Comunidade Autónoma, á imposibilidade xustificada de obter licenza na Comunidade Autónoma, así como a outras causas xustificadas, a persoa titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte poderá aceptar, de forma motivada, que a licenza deportiva presentada para o recoñecemento estea expedida por unha federación deportiva española ou doutra comunidade autónoma.

d) Non estar cumprindo no momento da presentación da solicitude de recoñecemento:

1º. Sanción disciplinaria deportiva firme na vía administrativa pola comisión dunha infracción de carácter grave ou moi grave.

2º. Sanción administrativa firme en materia administrativa-deportiva pola comisión dunha infracción de carácter grave ou moi grave.

3º. Sanción administrativa firme na vía administrativa por dopaxe.

e) Ter domicilio fiscal en España.

f) Non estar cumprindo no momento de presentación da solicitude condena en virtude de sentenza xudicial firme pola comisión dun delito ou non ter sido condenado en virtude de sentenza xudicial firme pola comisión dun delito relacionado co ámbito deportivo ou coa violencia de xénero, así como por delitos contra a liberdade e a indemnidade sexuais.

g) No caso das persoas adestradoras e técnicas, deberán estar en posesión do título de grao ou licenciatura en Ciencias da Actividade Física e o Deporte ou equivalente ou técnico



deportivo superior ou equivalente. A Comisión galega de avaliación do alto nivel deportivo, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base poderá exceptuar motivadamente este requisito, tendo en conta a traxectoria deportiva de relevancia das persoas solicitantes.

2. Ademais dos requisitos anteriores, as persoas solicitantes deberán acreditar os criterios técnico-deportivos que deberán ser aprobados, para os efectos do presente decreto, por orde da persoa titular da consellería competente en materia de deporte en función dos resultados deportivos e categorías, número de participantes nas probas e grao de participación da persoa solicitante, ránkings, proxección, nivel deportivo, expectativas de progreso e interese para o deporte galego, a través da obtención de recoñecementos similares estatais ou doutras comunidades autónomas, e polas participacións e a obtención de medallas olímpicas e paralímpicas.

3. Con relación ao disposto no número anterior, para o alto nivel deportivo valoraranse, no relativo aos resultados deportivos, as probas de máis alto nivel de cada modalidade/especialidade deportiva, como os campionatos de España, campionatos de Europa, campionatos do mundo, xogos olímpicos e paralímpicos, así como, de ser o caso, os ránkings oficiais, os elaborados polas federacións deportivas españolas ou polas federacións deportivas internacionais recoñecidas polo Comité Olímpico Internacional ou polo Comité Paralímpico Internacional.

#### Artigo 6. *Inicio do procedemento*

1. O procedemento iníciase por solicitude da persoa interesada dirixida ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, segundo o modelo normalizado que figura como anexo I.

2. Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).





**Artigo 7. Prazo de presentación da solicitude**

A solicitude poderase presentar en calquera momento desde a obtención dos méritos deportivos que a fundamentan. A data de presentación da solicitude incidirá, de ser o caso, no cómputo do período de vixencia do recoñecemento da condición de alto nivel ou de alto rendemento deportivo conforme o disposto no artigo 14.

**Artigo 8. Documentación**

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Copia da licenza federativa deportiva vixente.

b) Certificado expedido pola correspondente federación sobre os criterios técnico-deportivos, segundo os modelos normalizados que se inclúen como anexos II, III e IV.

c) Nos casos de resultados en deportes de equipo, deberá achegarse certificado federativo da pertenza da persoa solicitante ao equipo.

d) De ser o caso, copia do documento que acredite o recoñecemento como deportista de alto nivel ou de alto rendemento deportivo polo Consello Superior de Deportes.

2. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se vaian presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede



electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 9. *Comprobación de datos*

1. Para tramitar este procedemento consultarase automaticamente, agás que a persoa interesada manifeste a súa oposición á consulta, os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI/NIE da persoa solicitante.
- b) DNI/NIE da persoa representante.
- c) NIF da entidade representante.
- d) Certificado de residencia con data da última variación padroal da persoa solicitante.
- e) Certificado expedido pola Administración tributaria relativo ao domicilio fiscal.
- f) Títulos das persoas adestradoras e técnicas, referidos na letra g) do artigo 5.1.
- g) Certificado de antecedentes penais.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de solicitude e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

#### Artigo 10. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permítelles ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, tamén poderán realizarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



### Artigo 11. *Instrución*

1. A solicitude e a documentación presentada serán examinadas polo órgano da Administración autonómica con funcións na elaboración, deseño e execución dos plans e programas deportivos, para os únicos efectos de comprobar a súa debida formalización. Se a solicitude non reunise os requisitos exixidos, requirirase a persoa interesada para que nun prazo de dez días emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, facendo indicación expresa de que, no caso de non facelo, se terá por desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. Formalizados estes trámites, toda a documentación será remitida á Comisión galega de avaliación do alto nivel deportivo, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base para a valoración das solicitudes. A Comisión publicará na páxina web da Administración autonómica competente en materia deportiva (<https://deporte.xunta.gal>) unha valoración provisional para os efectos de que as persoas interesadas formulen alegacións no prazo de dez días.

3. Valoradas as alegacións presentadas, a Comisión galega de avaliación do alto nivel, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base formulará a valoración definitiva, da cal quedará traslado ao órgano instrutor, que elevará a proposta de resolución á persoa titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte.

### Artigo 12. *Resolución*

1. A persoa titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte será a competente para resolver as solicitudes.

2. A resolución porá fin á vía administrativa. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de cinco meses contados desde a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o prazo anterior sen terse notificado a resolución, entenderase estimada a solicitude por silencio administrativo.

3. Periodicamente publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación de persoas que teñen en vigor os recoñecementos regulados neste decreto, con indicación dos datos relativos a identidade, modalidade/especialidade deportiva, data de inicio e de remate da vixencia do recoñecemento.



**Artigo 13. Notificacións**

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos, deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

*Sección 2ª. Vixencia, renovación, suspensión e perda  
do recoñecemento da condición*

**Artigo 14. Vixencia**

1. As condicións de alto nivel e de alto rendemento deportivo terán unha vixencia de cinco anos desde a data de notificación da resolución en que se recoñece a condición ou desde a data en que se produza a estimación da solicitude por silencio administrativo. Se



a persoa interesada presenta a solicitude transcorridos seis meses desde a obtención dos resultados deportivos que fundamentan a súa petición, a vixencia da condición computarase desde a data de obtención dos resultados.

2. A vixencia do recoñecemento obtido con fundamento noutro recoñecemento equivalente outorgado polos órganos estatais competentes será a mesma que a do recoñecemento en que se fundamentou, co límite máximo de cinco anos desde a data en que se producira o recoñecemento por parte dos órganos estatais.

3. Non obstante o establecido nos números anteriores, a condición de deportista galego/a de alto nivel obtida pola consecución dunha medalla olímpica ou paralímpica será de carácter vitalicio.

#### Artigo 15. *Prórroga*

1. Poderase solicitar a prórroga da vixencia do recoñecemento da condición:

a) En caso de inactividade por lesión pola cal se cause baixa na práctica deportiva durante máis de 3 meses. A duración da prórroga atenderá ao alcance da lesión, período de recuperación e volta á actividade deportiva, sen que poida exceder en ningún caso o período dun ano.

b) En caso de embarazo, estendéndose a prórroga durante o período deste. No suposto de interrupción do embarazo, a prórroga terá unha duración equivalente ao período de embarazo que transcorrise ata o momento da súa interrupción, máis 6 meses adicionais contados desde a data da interrupción do embarazo.

c) No suposto de nacemento de fillo ou de adopción, a prórroga será dun ano. As persoas cuxa parella dea a luz ou adopte poderán acollerse a esta prórroga.

2. A prórroga regulada neste artigo só poderá solicitarse estando en vigor a condición de alto nivel ou de alto rendemento, e deberase solicitar no mes posterior ao feito causante dos dispostos no número anterior.

3. O procedemento para a obtención da prórroga será o establecido para o recoñecemento inicial, e deberase presentar a solicitude segundo o modelo normalizado que figura como anexo I, agás a documentación que se vaia presentar, que consistirá na acreditación da situación de inactividade, de embarazo, de parto ou de adopción, e serán de aplicación as previsións do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, para o caso de datos ou docu-



mentos en poder ou elaborados pola Administración ou achegados previamente a calquera Administración.

#### Artigo 16. *Renovación*

1. Tras a obtención dun novo mérito deportivo poderase presentar a solicitude de renovación do recoñecemento en calquera momento, segundo o modelo normalizado que figura como anexo I.

Segundo o disposto no artigo 14.1, a vixencia da renovación do recoñecemento será desde a data de notificación da resolución en que se recoñece a renovación do recoñecemento ou desde a data en que se produza a estimación da solicitude por silencio administrativo. Non obstante, se a persoa interesada presenta a solicitude transcorridos seis meses desde a obtención dos resultados deportivos que fundamentan a súa petición, a vixencia da renovación do recoñecemento computarase desde a data de obtención dos resultados.

2. Os requisitos, a documentación e o procedemento para a renovación do recoñecemento serán os establecido para o recoñecemento inicial.

3. No caso de non ser estimada a solicitude, a persoa interesada seguirá na mesma situación que tiña antes da solicitude, e manterase a vixencia do recoñecemento inicial.

#### Artigo 17. *Suspensión*

1. Suspenderase a vixencia da condición se existe medida cautelar de suspensión temporal da actividade adoptada no seo dun procedemento disciplinario ou sancionador en materia deportiva por infracción grave ou moi grave ou no seo dun procedemento sancionador por infracción en materia de dopaxe.

2. Recibida a notificación ou tendo coñecemento da adopción da medida cautelar, o órgano competente en materia de plans e programas deportivos iniciará de oficio o expediente administrativo para acordar a suspensión do recoñecemento, que será ditada por resolución da persoa titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte.



**Artigo 18. *Perda***

Son causas de perda do recoñecemento da condición de alto nivel e de alto rendemento deportivo as seguintes:

a) Polo remate do período de vixencia do recoñecemento.

b) Por deixar de cumprir algún dos requisitos que deron lugar ao recoñecemento. Para estes efectos, non se considerará incumprimento dos requisitos de licenza no período comprendido entre temporadas competitivas.

c) Por non cumprir coas obrigas establecidas no presente decreto.

d) Por renuncia expresa da persoa interesada.

e) Ser sido sancionado con sanción disciplinaria deportiva firme na vía administrativa pola comisión dunha infracción de carácter grave ou moi grave.

f) Ser sancionado con sanción administrativa firme en materia administrativo-deportiva pola comisión dunha infracción de carácter grave ou moi grave.

g) Ser sancionado con sanción administrativa firme na vía administrativa por dopaxe, de acordo coa normativa vixente nesta materia.

h) Por cumprimento de condena en virtude de sentenza xudicial firme pola comisión dun delito ou ser condenado en virtude de sentenza xudicial firme pola comisión dun delito relacionado co ámbito deportivo ou coa violencia de xénero, así como por delitos contra a liberdade e a indemnidade sexuais.

**Artigo 19. *Procedemento de perda do recoñecemento***

1. Salvo nos casos recollidos nas letras a) e d) do artigo 17, a perda da condición irá precedida da tramitación do correspondente expediente administrativo, que se iniciará de oficio por parte do órgano competente en materia de plans e programas deportivos. Procederáse á audiencia á persoa interesada durante un prazo de 10 días e a instrución do procedemento corresponderá á Comisión galega de avaliación do alto nivel deportivo, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base, que elevará a proposta de resolución á persoa titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte.



2. O procedemento rematará por resolución motivada da persoa titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte.

3. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de seis meses contados desde a data do acordo de inicio do procedemento e, transcorrido dito prazo sen que se notifique resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento, sen prexuízo da posibilidade de iniciar un novo procedemento se persiste a causa de perda do recoñecemento da condición.

4. Nos supostos das letras a) e d) do artigo 17 non será necesaria a tramitación de ningún procedemento, e producirase a perda do recoñecemento da condición de forma automática na data de remate da vixencia do dito recoñecemento e na data de presentación da renuncia, respectivamente.

#### *Artigo 20. Efectos da perda e da suspensión da condición*

1. A perda e a suspensión da condición supón a privación dos beneficios derivados desta.

2. No suposto de perda polo remate do período de vixencia do recoñecemento ou da renuncia expresa, os efectos propios da perda produciranse de maneira automática na data de remate da vixencia do recoñecemento ou da renuncia expresa. Nos demais supostos, a perda produce efectos desde a data de notificación da resolución pola que se acorda a perda do recoñecemento. Se a perda da condición ten a súa orixe nunha sanción ou no cumprimento dunha condena, non poderá presentarse unha nova solicitude de recoñecemento da condición durante un período de dous anos, contados desde que se cumprise a sanción ou condena.

3. No caso de suspensión, os efectos prodúcense desde a data en que sexa notificada a resolución que acorde a suspensión, e manterase ata que dure a medida cautelar ou se resolva o procedemento disciplinario ou sancionador.

#### *Sección 3ª. Dos beneficios e obrigas derivados do recoñecemento da condición de alto nivel e de alto rendemento deportivo*

##### *Subsección 1ª. Regras xerais e prelación*

#### *Artigo 21. Regras xerais*

1. As condicións de alto nivel e de alto rendemento deportivo comportan os beneficios recollidos nesta sección durante o período de vixencia do recoñecemento, agás que expresamente se estableza un período distinto.





2. Nos termos que establezan este decreto e as normas que o desenvolvan, os beneficios derivados do recoñecemento serán compatibles con outros estatais ou doutras administracións públicas, sempre que, conforme as normas reguladoras dos ditos beneficios, estes non sexan incompatibles con aqueles, e sexa posible o gozo simultáneo duns e doutros beneficios.

*Artigo 22. Orde de prelación*

Nos supostos de beneficios de carácter limitado, aplicarase a seguinte orde de prelación:

1º. Persoas deportistas de alto nivel deportivo.

2º. Persoas deportistas de alto rendemento deportivo .

3º. Persoas que sexan adestradoras e técnicas de alto nivel deportivo.

4º Persoas que sexan xuíces e xuízas e árbitros e árbitras de alto nivel deportivo .

5º. Persoas deportistas de rendemento deportivo de base, de ser o caso.

*Subsección 2ª. Beneficios no eido educativo*

*Artigo 23. Beneficios no eido do estudo universitario*

1. No proceso de admisión ao Sistema universitario de Galicia, os e as deportistas de alto nivel e de alto rendemento deportivo, e as persoas que sexan adestradoras e técnicas, xuíces e xuízas e árbitros e árbitras de alto nivel gozarán dos seguintes beneficios:

a) Adicionalmente ás porcentaxes de reserva previstas na normativa estatal, ás persoas deportistas, de alto nivel e de alto rendemento deportivo, e ás persoas adestradoras e técnicas, xuíces e xuízas e árbitros e árbitras galegas de alto nivel deportivo reservaráselles anualmente unha porcentaxe mínima dun dous por cento das prazas nas ensinanzas universitarias oficiais de grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte. As cotas de reserva ofertaranse nas diferentes convocatorias de prescrición que se realicen ao longo do ano, sempre que non foran cubertas nas convocatorias anteriores. As prazas reservadas e non cubertas serán acumuladas ás prazas ofertadas de acceso xeral.



Ademais do recoñecemento autonómico da condición de alto nivel ou de alto rendemento deportivo, é preciso reunir os requisitos académicos necesarios segundo o disposto no artigo 36 da Lei 3/2012, do 2 de abril.

b) Estarán exentos da realización das probas específicas de acceso ao grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

2. Con fin de favorecer a compatibilización da súa actividade deportiva coa actividade académica, e logo da sinatura do convenio de colaboración coa universidade correspondente, as persoas deportistas, de alto nivel e de alto rendemento deportivo, e as persoas adestradoras e técnicas, xuíces e xuízas e árbitros e árbitras galegos de alto nivel deportivo poderán acollerse ás seguintes medidas durante o curso universitario nos termos previstos no convenio e no marco da normativa aplicable:

a) Elección do horario, quenda ou grupo máis adecuados para compatibilizar a asistencia á clase coa súa actividade deportiva.

b) Xustificación de faltas de asistencia das sesións lectivas, de carácter obrigatorio, por participación en competicións oficiais e nas concentracións e adestramentos da selección española, mediante certificación da federación deportiva correspondente. A falta de asistencia así xustificada non terá repercusión académica.

c) Flexibilidade do calendario de exames cando coincida con competicións oficiais e con concentracións e adestramentos da selección española, xustificados mediante certificación da federación deportiva correspondente.

d) Programas de atención e axuda para facilitar a realización dos seus estudos universitarios compatibilizándoos co adestramento e a práctica deportiva e conseguir a súa plena integración social, académica e profesional. Estes programas realizaranos de forma directa as propias universidades ou en colaboración con outras entidades, organismos ou institucións, principalmente coa Oficina de Atención ao Deportista.

e) Outorgamento por equivalencia a créditos optativos dun mínimo de 6 créditos por titulación, cando así o solicite a persoa que posúa o recoñecemento disposto neste decreto.

f) Unha cota de reserva non inferior ao 5 % das prazas das residencias do Sistema universitario galego en función das necesidades e dispoñibilidades de cada ano. Neste caso,



a renda da unidade familiar da persoa solicitante deberá ser igual ou inferior ao limiar 2 establecido anualmente polo ministerio competente en materia de educación para o acceso ao réxime de bolsas e axudas ao estudo personalizadas.

3. As universidades, para os efectos do disposto no número anterior do presente artigo, terán que desenvolver as adaptacións curriculares necesarias.

4. Poderá establecer o órgano superior da Administración autonómica con competencias en materia de educación bolsas de aloxamento, manutención e desprazamentos durante o curso dirixidas ás persoas universitarias que posúan a condición de alto nivel ou de alto rendemento deportivo. Estas bolsas non serán compatibles coas estatais para os mesmos fins.

#### Artigo 24. *Beneficios no eido dos estudos non universitarios*

1. As persoas deportistas de alto nivel ou alto rendemento deportivo, as persoas adestradoras, técnicas e as persoas xuíces e xuízas e árbitros e árbitras recoñecidos de alto nivel deportivo que cursen estudos non universitarios poderán acollerse ás seguintes medidas encamiñadas a favorecer a compatibilidade da súa actividade deportiva coa actividade académica:

a) Elección da quenda, horario ou grupo máis adecuados para compatibilizar a asistencia a clase coa súa actividade deportiva.

b) Xustificación de faltas de asistencia ata un 25 por 100 das sesións lectivas de carácter obrigatorio por participación en competicións oficiais e nas concentracións e adestramentos da selección española, mediante certificación da federación deportiva correspondente.

c) Flexibilidade do calendario de exames cando coincida con competicións oficiais e con concentracións e adestramentos da selección española, xustificadas mediante certificación da federación deportiva correspondente.

2. Nos procedementos de admisión de alumnado, dos centros públicos ou privados concertados que impartan a ensinanza secundaria obrigatoria ou o bacharelato, ou a formación profesional, as condicións de alto nivel o de alto rendemento deportivo operarán como criterio para a cobertura das prazas ofertadas nos termos previstos na normativa reguladora dos correspondentes procedementos de admisión.



3. Os centros en que se imparta formación profesional en Galicia reservarán para as persoas que teñan recoñecida a condición de alto nivel ou de alto rendemento deportivo, conforme o disposto neste decreto, unha cota mínima adicional do 3 por cento das súas prazas. Os centros en que se impartan as ensinanzas de técnicos deportivos de réxime especial reguladas polo Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial, reservarán para as persoas que teñan recoñecida a condición de alto nivel ou de alto rendemento deportivo, conforme o disposto neste decreto, unha cota mínima adicional do 5 por cento das súas prazas. En todo caso, deberanse reunir os requisitos académicos necesarios.

Así mesmo, e para o caso de para que o acceso a uns determinados ciclos formativos de formación profesional sexa necesaria a realización de probas físicas, quedarán exentos da súa realización.

4. De acordo co disposto no artigo 67.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, excepcionalmente poderán cursar a educación básica das persoas adultas as persoas maiores de dezaseis anos que o soliciten e teñan o recoñecemento de alto nivel ou alto rendemento deportivo previsto neste decreto.

5. Nas residencias do sistema educativo galego reservarase unha cota de prazas para as persoas deportistas de alto nivel e de alto rendemento deportivo en función das necesidades e dispoñibilidades de cada ano. Neste caso, a renda da unidade familiar da persoa solicitante deberá ser igual ou inferior ao limiar 2 establecido anualmente polo ministerio competente en materia de educación para o acceso ao réxime de bolsas e axudas ao estudo personalizadas.

**Artigo 25. Beneficios no eido dos estudos no Centro Galego de Tecnificación Deportiva**

1. As persoas deportistas que teñan recoñecida a condición de alto nivel, de alto rendemento deportivo e de rendemento deportivo de base poderán beneficiarse do disposto neste artigo.

2. O proxecto educativo do centro educativo vinculado ao Centro Galego de Tecnificación Deportiva, e unicamente para as unidades adscritas a este, axustarase ás seguintes condicións:

a) Poderase adaptar o marco horario lectivo xeral co obxecto de facilitar aos e ás deportistas a posibilidade de realizar dúas sesións de adestramento ao día.



b) Consideraranse xustificadas as faltas de asistencia ás clases cando veñan derivadas da participación en competicións oficiais de ámbito autonómico, nacional ou internacional, ou en adestramentos da federación española correspondente. Esta xustificación deberá acompañarse dun informe da Dirección do Centro. Esta xustificación terá un límite máximo do quince por cento das horas obrigatorias totais e do vinte por cento das horas obrigatorias nunha mesma materia.

c) Cando, co motivo da participación nunha competición oficial de ámbito autonómico, nacional ou internacional, ou dun adestramento da federación española correspondente, o alumnado implicado non puidese acudir á realización dun exame, deberáse por unha data alternativa cando así o solicite a Dirección do Centro Galego de Tecnificación Deportiva.

### *Subsección 3ª. Dos beneficios no eido laboral*

#### *Artigo 26. Beneficios no mercado laboral*

1. A consellería con competencias en materia de emprego impulsará o establecemento de convenios con empresas, públicas e privadas, entidades e institucións para facilitar a incorporación a postos de traballo e a compatibilización das obrigas deportivas coas laborais, durante a vixencia do recoñecemento de alto nivel e alto rendemento deportivo ou unha vez perdido este.

2. As persoas deportistas que teñan a condición de alto nivel ou alto rendemento deportivo, as persoas adestradoras, técnicas e as persoas xuíces e xuízas e árbitros e árbitras que teñan a condición de alto nivel deportivo, durante a vixencia do recoñecemento ou unha vez perdido este, poderán acollerse aos plans e proxectos de inserción laboral habilitados pola Administración autonómica para este colectivo.

#### *Artigo 27. Medidas de protección e apoio en relación coa Administración pública galega*

1. No ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das restantes entidades do sector público autonómico, o recoñecemento previsto neste decreto será obxecto de valoración para os deportistas de alto nivel e de alto rendemento deportivo.

Así, será considerado como mérito avaliable para o acceso á convocatoria de prazos por concurso ou por concurso-oposición aos corpos ou escalas de funcionarios públicos e



nas categorías profesionais de persoal laboral relacionadas coa actividade deportiva, nos termos que prevexa a correspondente convocatoria.

En canto á promoción interna do persoal funcionario ou persoal laboral, a consideración de deportista de alto nivel e de alto rendemento deportivo será mérito avaliable para a provisión de postos de traballo, sempre que o dito mérito estivese recollido na relación de postos de traballo en relación co concreto posto de traballo a que a persoa interesada concorra.

2. Ás persoas empregadas públicas ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou das restantes entidades do sector público autonómico que teñan en vigor o recoñecemento regulado no presente decreto facilitaráselles, sen menoscabo do servizo público, o réxime de xornada, horario e vacacións para a realización de adestramentos, a participación nas concentracións e nas competicións deportivas oficiais relacionadas con súa práctica deportiva. As eventuais medidas que se poidan adoptar garantirán, en todo caso, a xornada efectiva de traballo anual e os permisos recoñecidos na normativa xeral.

3. Estas medidas poderán facerse extensivas no ámbito das entidades locais de acordo coa súa normativa de aplicación.

#### Artigo 28. *Beneficios no emprego público educativo*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma valorará como mérito na fase de concurso dos procesos selectivos de acceso aos corpos de mestres da especialidade de Educación Física e de profesores de ensino secundario da especialidade de Educación física o ter en vigor o recoñecemento da condición de alto nivel ou de alto rendemento deportivo.

2. Nos concursos de provisión, con carácter provisional, de postos de traballo convocados pola consellería competente en materia de educación, o recoñecemento regulado no presente decreto ponderarase preferentemente na elección do destino máis próximo ao seu lugar habitual de adestramentos.

#### *Subsección 4ª. Beneficios económicos*

#### Artigo 29. *Beneficios económicos*

1. As persoas que teñan recoñecida a condición de alto nivel e de alto rendemento deportivo conforme o disposto neste decreto poderán beneficiarse das bolsas e axudas



económicas que sexan convocadas polo órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte e por outros órganos ou entidades do sector público autonómico de Galicia.

2. Así mesmo, poderán obter unha redución ou, de ser o caso, exención dos prezos que estableza a Administración xeral da Administración autonómica para cursos de formación deportiva por ela organizados, así como tamén nos prezos fixados para a utilización de instalacións deportivas, centros de medicina deportiva ou residencias xuvenís dependentes da Comunidade Autónoma, consonte o disposto nas normas que os establezan e sempre que se cumpran as condicións normativamente previstas para o gozo de tales reducións ou exencións.

#### Artigo 30. *Dos beneficios fiscais*

1. O órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte promoverá o patrocinio deportivo como fórmula de colaboración co sector privado. Promoverase, respecto de determinados acontecementos deportivos relacionados co deporte de alto nivel, a aprobación de programas de apoio a acontecementos de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

2. Ás persoas recoñecidas como deportistas de alto nivel e alto rendemento deportivo e ás persoas adestradoras, técnicas, xuíces e xuízas e árbitros e árbitras de alto nivel deportivo previsto no presente decreto seranlles de aplicación os beneficios fiscais que prevexa a normativa tributaria aplicable.

#### *Subsección 5ª. Outros beneficios*

#### Artigo 31. *Outros beneficios*

Nos termos que estableza en cada caso a normativa sectorial de aplicación, as persoas deportistas de alto nivel e de alto rendemento deportivo e as persoas adestradoras, técnicas, xuíces e xuízas e árbitros e árbitras de alto nivel deportivo poderán acceder aos seguintes beneficios:

a) Prioridade no acceso dos seus fillos e fillas ás escolas infantís de cero a tres anos da rede autonómica e no segundo ciclo da educación infantil dos centros públicos ou privados concertados.



b) Establecemento de medidas específicas e especiais de apoio e fomento ás súas iniciativas empresariais.

c) Ponderación da súa condición no acceso ao Sistema galego de servizos sociais.

d) A inclusión nos programas dos centros de perfeccionamento técnico e nos programas deportivos dos centros de alto nivel.

e) Os que resulten da normativa estatal conforme o previsto nela. En especial, seranlles de aplicación os recollidos no Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento deportivo, a normativa que a desenvolva ou aquela que a substitúa.

*Sección 4<sup>a</sup>. Obrigas derivadas do recoñecemento da condición de alto nivel ou de alto rendemento deportivo*

**Artigo 32. Obrigas**

1. As persoas deportistas de alto nivel, agás as de carácter vitalicio, e de alto rendemento deportivo, as persoas adestradoras, técnicas, xuíces e xuízas e árbitros e árbitras de alto nivel deportivo deberán:

a) Formar parte das seleccións deportivas galegas cando sexan seleccionadas e participar nos campionatos galegos da súa especialidade deportiva.

b) Participar nas actividades de promoción do deporte que organice o órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte.

c) Participación da persoa recoñecida, sen compromiso dos dereitos á propia imaxe, en proxectos públicos de difusión e estímulo da práctica deportiva por requirimento da Administración xeral da Comunidade Autónoma e do sector público autonómico.

d) Promover a súa condición de persoa deportista de alto nivel ou alto rendemento, de persoa adestradora, técnica ou xuíz e xuíza e árbitro e árbitra de alto nivel deportivo.

e) Colaborar coa Administración xeral da Comunidade Autónoma e do sector público autonómico nos proxectos relacionados coa promoción da práctica deportiva, así como naquelas actividades que promovan estilos de vida saudable e a igualdade de xénero ou a integración de diversos colectivos.





f) Ser portadores dos valores do xogo limpo, de acordo cos principios do movemento olímpico.

g) Comunicarlle ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte a modificación de calquera circunstancia, tanto obxectiva como subxectiva, que afecte calquera dos requisitos exixidos para o dito recoñecemento, así como a concorrencia dalgún dos restantes supostos que impliquen a perda do recoñecemento, no prazo máximo dun mes desde que se produza ou, de ser o caso, adquira firmeza.

2. Os árbitros e árbitras e xuíces e xuízas de alto nivel e os e as deportistas de alto nivel de carácter vitalicio deberán cumprir o recollido no número anterior, agás o establecido na letra a).

3. As obrigas establecidas no presente artigo relativas á participación e colaboración non serán exixibles nos casos de coincidencia de datas con campionatos oficiais estatais ou internacionais, ou ben que a súa participación con carácter obrigatorio puidese interferir de forma negativa na súa programación de adestramentos cara a unha competición concreta ou na actividade formativa ou laboral.

### CAPÍTULO III

#### **Do rendemento deportivo de base**

##### *Artigo 33. Da condición de persoa deportista de rendemento deportivo de base*

1. Son persoas deportistas galegas de rendemento deportivo de base aquelas ás cales se lles recoñeza esta condición por resolución da persoa titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte.

2. Para este recoñecemento, os e as deportistas deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter nacido/a en Galicia ou ter a veciñanza administrativa nun municipio de Galicia ininterrompidamente desde, polo menos, un ano antes da obtención dos méritos deportivos en que se fundamente a solicitude. Excepcionalmente, non se lles exixirá a antigüidade na veciñanza administrativa a aquelas persoas que acrediten ter residido durante a súa etapa de formación deportiva en Galicia durante un período de dous anos consecutivos ou tres alternos, e entenderase por etapa de formación deportiva o período comprendido entre os 8 e os 17 anos, ambos incluídos.



b) Estar en posesión de licenza deportiva vixente expedida por unha federación deportiva galega. Excepcionalmente e por causa xustificada, debido á inexistencia da federación ou da modalidade e/ou especialidade deportiva na Comunidade Autónoma, a imposibilidade xustificada de obter licenza na Comunidade Autónoma, así como outras causas xustificadas, a persoa titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte poderá aceptar, de forma motivada, que a licenza deportiva presentada para o recoñecemento estea expedida por unha federación deportiva española ou doutra comunidade autónoma.

c) Non estar cumprindo no momento da presentación da solicitude de recoñecemento:

1º. Sanción disciplinaria deportiva firme na vía administrativa pola comisión dunha infracción de carácter grave ou moi grave.

2º. Sanción administrativa firme en materia administrativo-deportiva pola comisión dunha infracción de carácter grave ou moi grave.

3º. Sanción administrativa firme na vía administrativa por dopaxe.

d) Ter domicilio fiscal en España.

e) Non estar cumprindo no momento de presentación da solicitude condena en virtude de sentenza xudicial firme pola comisión dun delito ou non ter sido condenado en virtude de sentenza xudicial firme pola comisión dun delito relacionado co ámbito deportivo ou coa violencia de xénero, así como por delitos contra a liberdade e a indemnidade sexuais.

3. Ademais dos requisitos anteriores, as persoas solicitantes deberán acreditar os criterios técnico-deportivos que deberán ser aprobados, para os efectos do presente decreto, por orde da persoa titular da consellería competente en materia de deporte en función dos resultados deportivos e categorías, número de participantes nas probas e grao de participación da persoa solicitante, ránkings, proxección, nivel deportivo, expectativas de progreso e interese para o deporte galego.

#### Artigo 34. *Vixencia do recoñecemento*

O recoñecemento da condición de persoa deportista galega de rendemento deportivo de base terá unha vixencia dun ano contado desde a data de notificación da resolución onde se recoñece a condición ou desde a data en que se produza a estimación da solicitude por silencio administrativo.



**Artigo 35. Réxime aplicable**

No non establecido no presente capítulo, e sempre que resulte compatible coas particularidades do rendemento deportivo de base, ás persoas deportistas galegas recoñecidas con esta condición seranlles de aplicación as previsións recollidas nas seccións primeira, segunda e cuarta do capítulo anterior, relativas ao procedemento para o recoñecemento, réxime de vixencia, renovación, suspensión e perda do recoñecemento, así como das obrigas. Así mesmo, será de aplicación o disposto no artigo 24, relativo aos beneficios nos estudos non universitarios; no artigo 25, relativo aos beneficios nos estudos no Centro Galego de Tecnificación Deportiva, e no artigo 29, relativo aos beneficios económicos.

**CAPÍTULO IV****Dos centros de alto nivel deportivo***Sección 1ª. Clases***Artigo 36. Clases**

1. Os centros de alto nivel deportivo da Comunidade Autónoma poden ser centros de alto nivel deportivo de titularidade autonómica e núcleos de adestramento deportivo especializado.

2. Conforme o artigo 5.1.q) da Lei 3/2012, do 2 de abril, non poderá utilizar a denominación de centro de alto nivel deportivo nin de núcleo de adestramento deportivo especializado ningún centro que non tivese sido recoñecido como tal de acordo co disposto no decreto.

*Sección 2ª. Dos centros de alto nivel deportivo de titularidade autonómica***Artigo 37. Concepto**

1. Son centros de alto nivel deportivo as instalacións deportivas de titularidade autonómica adscritas ao órgano superior competente en materia deportiva que teñan por finalidade a preparación técnico-deportiva orientada á máis alta exigencia competitiva.

2. Esta cualificación, que é compatible con outras estatais, será recoñecida de oficio por resolución expresa da persoa titular do órgano superior con competencias en materia



de deporte da Administración xeral da Comunidade Autónoma, tendo en conta o interese deportivo estratéxico para Galicia e consonte os requisitos establecidos nesta sección, sen prexuízo do disposto na disposición adicional segunda.

3. O procedemento de admisión dos e das deportistas nos centros de alto nivel deportivo regulados neste decreto establecerase mediante resolución da persoa titular do órgano superior con competencias en materia de deporte da Administración xeral da Comunidade Autónoma.

### Artigo 38. *Requisitos*

1. Son requisitos para ser cualificado como centro de alto nivel deportivo:

a) Contar con espazos, instalacións, equipamentos e medios técnicos axeitados ás necesidades da programación deportiva, así como con espazos habilitados para a xestión administrativa e para o estudo e a convivencia das persoas usuarias.

b) Existencia dunha residencia para o aloxamento e manutención das persoas usuarias.

c) Contar cunha oferta académica que permita compatibilizar os estudos e o deporte das persoas usuarias. Neste senso, será necesario que o centro de alto nivel deportivo conte ou estea adscrito a un centro educativo, e conte cun servizo de titorías para o apoio aos estudo dos e das deportistas.

d) Dispor dos servizos dun centro de medicina, ben a través de medios propios ou a través de acordos/convenios cun centro externo, coas funcións de previr e curar lesións e enfermidades, de realización de probas fisiolóxicas de esforzo, así como de readaptación funcional para a práctica deportiva.

e) Contar con grupos de adestramento de alto nivel, nos cales o adestrador ou a adestradora responsable deberá ter o título de grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte ou equivalente, ou título de técnico deportivo ou técnica deportiva superior ou adestrador deportivo ou adestradora deportiva de nivel III na modalidade ou especialidade deportiva correspondente.

2. No caso de non reunir algún dos requisitos mencionados, a persoa titular do órgano superior con competencias en materia de deporte da Administración xeral da Comunidade Autónoma poderá igualmente conceder a cualificación, de forma motivada e sempre que se valore a idoneidade do centro no interese deportivo estratéxico da Comunidade Autónoma.



*Sección 3ª. Dos núcleos de adestramento deportivo especializado***Artigo 39. Concepto**

1. Enténdese por núcleo de adestramento deportivo especializado o conxunto de medios humanos e materiais xestionados por unha federación deportiva, club deportivo ou sociedade anónima deportiva inscrito no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia que teña por finalidade a preparación técnico-deportiva orientada ao alto nivel ou ao alto rendemento deportivo.

2. Esta cualificación, compatible con outras estatais, será recoñecida por resolución expresa da persoa titular do órgano superior con competencias en materia de deporte da Administración xeral da Comunidade Autónoma segundo o procedemento establecido nos artigos 41 e seguintes, tendo en conta o interese deportivo estratéxico para Galicia e consono aos requisitos establecidos nesta sección.

**Artigo 40. Requisitos**

1. Serán requisitos dos núcleos de adestramento deportivo especializado:

a) Ofrecer unha dispoñibilidade de espazos e instalacións axeitados ás necesidades da programación deportiva.

b) Contar cun equipo técnico cualificado. O adestrador ou a adestradora responsable deberá ter o título de grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte ou equivalente, ou título de técnico deportivo ou técnica deportiva superior ou adestrador deportivo ou adestradora deportiva de nivel III na modalidade ou especialidade deportiva correspondente.

c) Dispor do uso dun centro para levar a cabo o seguimento médico-deportivo.

d) Dispor dun proxecto de preparación técnico-deportiva orientada ao alto nivel e ao alto rendemento deportivo para a modalidade deportiva correspondente, de acordo co interese estratéxico deportivo da propia Comunidade Autónoma, encamiñado á participación dos deportistas galegos e das deportistas galegas en xogos olímpicos ou paralímpicos, campionatos do mundo, campionatos de Europa e outras competicións internacionais de máximo nivel.

e) Non estar cumprindo a entidade solicitante sanción disciplinaria deportiva firme na vía administrativa pola comisión dunha infracción de carácter grave ou moi grave, ou sanción



administrativa firme en materia administrativo-deportiva pola comisión dunha infracción de carácter grave ou moi grave.

f) Acreditar o nivel e requisitos deportivos que se requiran para os efectos deste recoñecemento. Os requisitos deportivos deberán ser aprobados, para os efectos do presente decreto, por orde da persoa titular da consellería competente en materia de deporte.

2. No caso de non reunir algún dos requisitos mencionados, a Administración xeral da Comunidade Autónoma poderá igualmente conceder a cualificación, de forma motivada e sempre que se valore a súa idoneidade no interese deportivo estratéxico da Comunidade Autónoma.

#### Artigo 41. *Procedemento de recoñecemento*

1. Poderán iniciar o procedemento de recoñecemento dun núcleo de adestramento deportivo especializado, en calquera momento, as entidades deportivas referidas no artigo 39.1, dirixindo as súas solicitudes ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, que figura como anexo V.

2. Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requerida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

3. Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

4. A instrución e resolución do procedemento axustarase ao establecido nos artigos 11 e 12, nos seus puntos 1 e 2.

#### Artigo 42. *Documentación que se deberá presentar coa solicitude*

1. Os interesados deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Declaración dos requisitos da condición de núcleo de adestramento deportivo especializado, segundo o modelo normalizado que figura como anexo VI.



b) Proxecto de preparación técnico-deportiva.

c) Acordo/convenio de colaboración cun centro de medicina para o seguimento de deportistas. No suposto de contar con medios propios, xustificárase esta situación.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 43. *Comprobación de datos*

1. Para tramitar este procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á dita consulta:

a) NIF da entidade solicitante.

b) DNI/NIE da persoa representante.

c) NIF da entidade representante.



2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de solicitude e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

#### Artigo 44. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 45. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.





5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

*Artigo 46. Período de vixencia e renovación do recoñecemento*

1. O período de vixencia do recoñecemento será de 4 anos desde a data da resolución ditada pola persoa titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia deportiva. O recoñecemento poderá ser renovado sucesivamente mediante a oportuna solicitude e terá o mesmo período de vixencia que o recoñecemento inicial.

2. Poderase solicitar a renovación do recoñecemento, durante o derradeiro ano de vixencia. Os requisitos, a documentación e o procedemento deste serán os establecidos para o recoñecemento inicial.

*Artigo 47. Perda do recoñecemento*

1. A perda do recoñecemento producirase nos seguintes supostos:

a) Polo remate do período de vixencia do recoñecemento.

b) Por deixar de cumprir algún dos requisitos establecidos para o recoñecemento.

c) Por imposición á entidade titular do núcleo de sanción firme en vía administrativa pola comisión de infracción disciplinaria deportiva ou infracción en materia administrativo-deportiva de carácter grave ou moi grave.

d) Por non cumprir coas obrigas establecidas no artigo 48.

e) Por renuncia expresa da persoa interesada.

2. Os órganos disciplinarios deportivos das federacións deportivas galegas e, de ser o caso, o Comité Galego de Xustiza Deportiva deberán comunicar ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, respectivamente, as sancións firmes en materia disciplinaria deportiva e as sancións firmes en materia administrativo-deportiva impostas segundo o disposto no número 1.c).

3. O procedemento de perda do recoñecemento axustarase ás previsións do artigo 19.



**Artigo 48. Obrigas dos núcleos de adestramento deportivo especializado**

Os núcleos de adestramento deportivo especializado recoñecidos ao abeiro deste decreto deberán:

a) Facilitar a participación dos seus deportistas coas seleccións deportivas galegas cando sexan seleccionados.

b) O club ou clubs do núcleo de adestramento deportivo especializado deberán participar nos campionatos galegos da súa especialidade deportiva, salvo coincidencia de datas con campionatos oficiais estatais e internacionais ou interfira coa súa preparación para eles.

c) O club ou clubs do núcleo de adestramento deportivo especializado deberán participar nas actividades de promoción do deporte que organice a Administración autonómica, sempre que non interfira na súa actividade deportiva.

d) Publicitar, no desenvolvemento da súa actividade deportiva, a condición de núcleo galego de adestramento deportivo especializado.

e) Informar o órgano superior competente en materia de deporte da Administración xeral da Comunidade Autónoma das súas actividades e resultados deportivos dos deportistas e dos clubs.

f) Coidar que os procesos de adestramento promovan hábitos de compañeirismo, igualdade, tolerancia, xogo limpo, respecto ás normas, ao adversario e á diversidade.

g) Dispor dun regulamento de réxime interno que deberá regular, polo menos, os seguintes aspectos: obxectivos, estrutura, competencia e funcións dos profesionais, sistema de selección dos deportistas, e dereitos e deberes destes, réxime disciplinario, sistema de financiamento, así como dun protocolo fronte ao acoso sexual e por razón de xénero, orientación sexual e identidade de xénero.

**Artigo 49. Beneficios da condición de núcleos de adestramento deportivo especializado**

1. A Administración autonómica poderá establecer axudas que incentiven a actividade dos núcleos de adestramento deportivo especializado. Salvo que expresamente se estableza o contrario, estas axudas serán compatibles con outras, públicas ou privadas, para



a mesma ou similar finalidade que poida recibir o titular do núcleo. Os núcleos que reciban estas axudas deberán outorgarlle publicidade nos termos que se prevexan na correspondente resolución de concesión.

2. Así mesmo, poderanse subscribir convenios de colaboración con institucións públicas ou privadas, co obxecto de incentivar a actividade dos núcleos de adestramento deportivo especializado a través de actuacións económicas ou doutra índole.

## CAPÍTULO V

### Da oficina de atención ao deportista

#### Artigo 50. *Obxecto*

A Oficina de Atención ao Deportista ten por obxecto informar os deportistas galegos e as deportistas galegas e facilitarlles o acceso ao conxunto de medios e servizos que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e do sector público autonómico pon á súa disposición, con especial referencia aos incluídos neste decreto ou a aqueles outros que, en desenvolvemento e en aplicación deste, se establezan.

#### Artigo 51. *Funcións*

1. A Oficina de Atención ao Deportista ten as seguintes funcións:

a) Informar e orientar sobre as dependencias, centros, servizos, procedementos, axudas, subvencións ou calquera outra información que sexa de interese en atención á condición de deportista.

b) Detectar as necesidades que poidan xurdir no ámbito da dedicación deportiva, da formación ou da capacitación profesional dos deportistas, propondo ao órgano autonómico competente os recursos e ferramentas que se consideren en resposta a estas necesidades.

c) Promoción de actuacións e medidas destinadas á sensibilización, divulgación e formación orientadas a garantir a mellora dos niveis de atención aos e ás deportistas.

d) En xeral, a orientación e atención aos e ás deportistas no exercicio dos seus dereitos e no cumprimento das súas obrigas.



2. A Oficina de Atención ao Deportista desempeña as súas funcións con especial atención aos ámbitos da formación, inserción laboral, conciliación laboral-deportiva e académico-deportiva, e todas aquelas vinculadas ao desenvolvemento integral da persoa deportista, tanto durante como despois da súa carreira deportiva.

3. No desenvolvemento das funcións da oficina prestarase especial atención aos deportistas e ás deportistas de alto nivel, alto rendemento deportivo e de rendemento deportivo de base, así como, de ser o caso, a outros colectivos, como as persoas adestradoras, técnicas e xuíces e xuízas e árbitros e árbitras de alto nivel, con recoñecemento en vigor segundo as normas do presente decreto, así como aos que o perdesen polas causas recollidas nas letras a) e b) do artigo 17.

## CAPÍTULO VI

### **Da Comisión galega de avaliación do alto nivel deportivo, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base**

#### Artigo 52. *Natureza*

A Comisión galega de avaliación do alto nivel deportivo, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base é un órgano colexiado adscrito ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, coas funcións e composición que se determinan nos artigos seguintes.

#### Artigo 53. *Réxime xurídico*

A Comisión rexerese polos preceptos básicos en materia de órganos colexiados da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola regulación sobre órganos colexiados contida na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, polo presente decreto e polo seu regulamento de réxime interno de funcionamento.

#### Artigo 54. *Composición*

1. Formarán parte da Comisión galega de avaliación do alto nivel deportivo, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base:

a) A persoa titular da subdirección de plans e programas dependente do órgano superior da Administración autonómica con competencias en materia de deportes, que exercerá a presidencia da Comisión.



b) As persoas que sexan titulares das xefaturas de servizo de deportes dependentes das xefaturas territoriais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

c) A persoa que ocupe a Xerencia da Fundación do Deporte Galego.

d) A persoa que ocupe a Dirección do Centro Galego de Tecnificación deportiva.

e) Catro persoas en representación das federacións deportivas galegas, por proposta delas.

f) Unha persoa especialista en materia deportiva que teña a condición de empregada pública ao servizo do órgano superior da Administración autonómica con competencias en materia de deporte, por proposta deste órgano.

g) A persoa titular da xefatura de servizo de deporte en idade escolar dependente do órgano superior da Administración autonómica con competencias en materia de deporte, que exercerá as funcións de secretaría da Comisión.

2. A proposta das vogalías das federacións deportivas galegas deberá recoller a identificación e o cargo das persoas propostas, así como unha relación numerada de persoas suplentes para os supostos de ausencia, enfermidade ou vacantes, determinando unha orde de prelación.

#### Artigo 55. *Nomeamento, aceptación e duración do mandato*

1. A competencia para o nomeamento dos membros da Comisión galega de avaliación do alto nivel deportivo, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base, tanto das persoas titulares como das suplentes, correspóndelle á persoa titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte.

2. Na composición da Comisión procurárase acadar unha presenza equilibrada de mulleres e homes.

3. A proposta de nomeamento das vogalías recollidas no artigo 54.1.e) e f) deberá ser aceptada expresamente polas persoas propostas no prazo de sete días desde a notificación da mesma.



4. Unha vez aceptada a proposta de nomeamento, a persoa titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte ditará resolución de nomeamento das persoas que integran a comisión e das súas suplentes.

5. A resolución pola cal se nomean os membros será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e producirá o nomeamento efectos desde esta publicación.

6. A duración do mandato será de catro anos, que se contarán a partir da data de publicación do nomeamento.

7. No caso de que a designación se faga en función do posto ocupado, do cargo ou condición, o mandato manterase en canto se ocupe o posto ou se exerza o cargo ou a condición que determinase a designación.

8. De producirse algunha vacante das persoas representantes das federacións deportivas galegas, garantirase en todo momento a existencia de, cando menos, unha suplente designada. En caso de vacante, a persoa suplente ocupará a vogalía durante o período restante para cumprir os catro anos de mandato da persoa que figuraba como titular.

9. Transcorrido o prazo do mandato, se por calquera causa se demora o nomeamento de novas vogalías da comisión, as persoas cesantes seguirán desempeñando as súas funcións ata o nomeamento dos novos membros.

#### Artigo 56. *Cesamento*

1. Son causas de cesamento as seguintes:

a) Expiración do prazo do mandato.

b) Incapacidade ou inhabilitación para ocupar cargo público declarada por resolución xudicial firme.

c) Perda do posto ocupado, cargo ou a condición no caso de que a designación se faga en función do seu posto, cargo ou condición.

d) Remoción por incumprimento grave das súas obrigas.

e) Ter sido sancionado por sanción disciplinaria deportiva firme na vía administrativa pola comisión dunha infracción de carácter grave ou moi grave.



f) Ter sido sancionado por sanción administrativa firme na vía administrativa en materia deportiva pola comisión dunha infracción de carácter grave ou moi grave.

g) Ter sido sancionado por dopaxe, de acordo coa normativa vixente nesta materia.

h) Estar cumprindo condena en virtude de sentenza xudicial firme pola comisión dun delito ou ter sido condenado en virtude de sentenza xudicial firme pola comisión dun delito relacionado co ámbito deportivo.

i) Renuncia.

2. A competencia para acordar o cesamento correspóndelle á persoa titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, mediante resolución que deberá ditarse tras a tramitación do correspondente procedemento. Non obstante, nas causas dispostas nas letras a), c) e i) o cesamento producirase de xeito automático sen necesidade de resolución expresa ao respecto.

#### Artigo 57. *Funcións*

A Comisión galega de avaliación do alto nivel deportivo, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base ten as seguintes funcións:

a) Examinar o cumprimento dos requisitos de carácter xeral e os criterios técnico-deportivos establecidos para a obtención dos recoñecementos previstos no decreto.

b) Valorar os criterios técnico-deportivos das persoas candidatas a obter o recoñecemento de declaración dos distintos niveis de deportistas, adestradores e adestradoras, técnicos e técnicas, xuíces e xuízas e árbitros e árbitras.

c) Valorar os criterios técnico-deportivos das persoas deportistas, adestradores e adestradoras, técnicos e técnicas, xuíces e xuízas e árbitros e árbitras en relación coa renovación, prórroga ou perda dos recoñecementos previstos no decreto.

d) Solicitar das federacións deportivas galegas a información necesaria para a valoración dos criterios técnico-deportivos relativa aos deportistas, adestradores e adestradoras, técnicos e técnicas, xuíces e xuízas e árbitros e árbitras, que sexa de interese para os efectos do presente decreto.



e) Propor a modificación dos criterios técnico-deportivos .

f) Propor á persoa titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte o recoñecemento, así como, de ser o caso, a perda deste, dos núcleos deportivos de adestramento especializado.

g) Aquelas outras previstas por disposición legal ou regulamentaria.

#### Artigo 58. *Sesións*

1. A Comisión galega de avaliación do alto nivel deportivo, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base reunirse en sesión ordinaria cantas veces sexa necesario para o exercicio das súas funcións e, como mínimo, unha vez ao trimestre.

2. En sesión extraordinaria poderá reunirse por iniciativa da Presidencia ou por petición da maioría das persoas membros da Comisión de avaliación do deporte de alto nivel, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base.

3. A pertenza á Comisión galega de avaliación do alto nivel deportivo, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base non dará lugar a retribución ningunha, pero as persoas membros da Comisión terán dereito ao aboamento das axudas de custo que procedan de acordo coa normativa aplicable.

#### Disposición adicional primeira. *Oficina de Atención ao Deportista*

Encoméndaselle á Fundación Deporte Galego a posta en marcha da Oficina de Atención ao Deportista. Para o mellor cumprimento do obxecto da Oficina, a Fundación poderá subscribir convenios de colaboración e/ou contratos con outras institucións públicas e privadas.

#### Disposición adicional segunda. *Centro Galego de Tecnificación Deportiva*

Recoñécese como centro de alto nivel deportivo da Comunidade Autónoma o Centro Galego de Tecnificación Deportiva.

#### Disposición adicional terceira. *Deportistas, técnicos e técnicas, adestradores e adestradoras, xuíces e xuízas e árbitros e árbitras con recoñecemento equivalente*

Os/as deportistas, técnicos e técnicas, adestradores e adestradoras, xuíces e xuízas e árbitros e árbitras que obtivesen un recoñecemento equivalente ao de alto nivel ou de alto





rendemento deportivo previstos neste decreto que fose outorgado por outra Administración autonómica, durante a súa vixencia, poderán facer valer ese recoñecemento en Galicia, sempre que exista convenio de reciprocidade entre ambas administracións e segundo o que se dispoña neles.

Disposición adicional cuarta. *Actualización de modelos normalizados*

Segundo o disposto na disposición adicional sexta da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia, os modelos normalizados aplicables na tramitación dos procedementos, para a súa utilización en papel ou en formato electrónico, poderán ser actualizados co fin de mantelos adaptados á normativa vixente, en particular, co obxecto de adaptalos ao establecido nesta lei. Para estes efectos, será suficiente a publicación dos modelos actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas, sen que sexa necesaria a súa nova publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición transitoria primeira. *Criterios técnico-deportivos para o recoñecemento de deportista de alto nivel*

Ata que non se proceda á aprobación e publicación dos criterios técnico-deportivos referidos no artigo 3.2 continuarán en vigor os recollidos na Orde de 30 de maio de 2005 pola que se establecen os criterios para o recoñecemento dos deportistas galegos de alto nivel, en relación co recoñecemento de deportista de alto nivel.

Disposición transitoria segunda. *Dos e das deportistas recoñecidos*

As persoas deportistas que, na data de entrada en vigor deste decreto, estean recoñecidas como deportista galego ou galega de alto nivel consonte o Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro, polo que se regula a cualificación dos deportistas galegos de alto nivel e os programas de beneficios dirixidos a estes, manterán tal recoñecemento ata a data en que teñan establecido na resolución correspondente.

Disposición transitoria terceira. *Procedementos en tramitación*

Os procedementos administrativos de recoñecemento de deportistas de alto nivel iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste decreto rexeranse polo Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro, e a Orde do 30 de maio de 2005.



Disposición transitoria cuarta. *Comisión galega de avaliación do alto nivel deportivo, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base*

1. No prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da entrada en vigor deste decreto, a persoa titular do órgano da Administración autonómica con competencias en materia de deportes procederá ao nomeamento das persoas que ocuparán os postos vacantes por nova creación segundo o disposto no artigo 54.

2. A duración do mandato será ata a data de expiración do mandato actual dos actuais membros da Comisión no momento da entrada en vigor deste decreto, momento en que se procederá á renovación de todos os membros da Comisión.

3. Ata a renovación dos membros da Comisión, segundo o disposto neste decreto, os actuais membros da Comisión continuarán exercendo as súas funcións segundo o previsto no artigo 57.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

1. Derrógase o Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro, polo que se regula a cualificación dos deportistas galegos de alto nivel e os programas de beneficios dirixidos a estes, e a Orde do 30 de maio de 2005 pola que se establecen os criterios para o recoñecemento dos deportistas galegos de alto nivel, en desenvolvemento do Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*

A letra i) do número 3 do artigo 9 do Decreto 254/2012 do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, queda redactada do seguinte xeito:

«i) Por criterios complementarios consistentes noutras circunstancias relevantes apreciadas xustificadamente polo órgano competente do centro, de acordo con criterios obxec-



tivos, e que terán que facer públicos os centros con anterioridade ao inicio do proceso de admisión ou, de ser o caso, por ter recoñecida a condición de alto nivel ou de alto rendemento deportivo: 1 punto».

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva*

O número 2) do artigo 12 do Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva, queda redactado do seguinte xeito:

«No caso de vacante, ausencia ou enfermidade, a persoa que exerza a secretaría será substituída por outra persoa que teña a condición de funcionario/a público/a ao servizo do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte. A designación da suplencia da persoa que exerza a secretaría non poderá recaer en ningunha das persoas membros do comité».

Disposición derradeira terceira. *Habilitación de desenvolvemento normativo*

Facúltase a persoa titular da consellería competente por razón da materia para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento do presente decreto no relativo á organización e materias propias da respectiva consellería.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor*

1. O presente decreto entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

2. As previsións do decreto relativas ao recoñecemento da condición de alto nivel das persoas adestradoras e técnicas e as persoas que sexan xuíces e xuízas e árbitros e árbitras, así como da condición de alto rendemento deportivo, de rendemento deportivo de base e de núcleo de adestramento deportivo especializado entrarán en vigor no momento da entrada en vigor das correspondentes ordes en que se fixen os criterios técnico-deportivos para tal recoñecemento.

Santiago de Compostela, dezasete de setembro de dous mil vinte

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

Alfonso Rueda Valenzuela  
Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo




**ANEXO I**

PROCEDEMENTO <b>RECOÑECEMENTO DA CONDICIÓ DE ALTO NIVEL/ALTO RENDEMENTO DEPORTIVO/ RENDEMENTO DEPORTIVO DE BASE</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PR948A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR			<input type="text"/>			
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	DATA DE NACEMENTO		SEXO		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="radio"/> Home <input type="radio"/> Muller		

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>					
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:					
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				
<b>ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE</b>					
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.					
<input type="radio"/> <b>Electrónica</b> , a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.					
<input type="radio"/> <b>Postal</b> (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).					
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR			<input type="text"/>	
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		

<b>TIPO DE SOLICITUDE</b>		
<input type="radio"/> Solicitud inicial <input type="radio"/> Renovación <input type="radio"/> Prórroga		
<input type="radio"/> <b>ALTO NIVEL</b> <input type="radio"/> Deportista <input type="radio"/> Técnico/a-adestrador/a <input type="radio"/> Xuíz/a-árbitro/a	<input type="radio"/> <b>ALTO RENDEMENTO DEPORTIVO</b> <input type="radio"/> Deportista	<input type="radio"/> <b>RENDEMENTO DEPORTIVO DE BASE</b> <input type="radio"/> Deportista




**XUNTA DE GALICIA**  
 PRESIDENCIA  
 Secretaría Xeral para o Deporte

**ANEXO I**  
 (continuación)

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

Inicial/renovación:

<input type="checkbox"/>	Anexo II (certificación de deportista de alto nivel, alto rendemento deportivo, rendemento deportivo de base)
<input type="checkbox"/>	Anexo III (certificación de técnico/a-adestrador/a de alto nivel)
<input type="checkbox"/>	Anexo IV (certificación de xuíz/a-árbitro/a)
<input type="checkbox"/>	Copia da licenza federativa deportiva vixente
<input type="checkbox"/>	Certificado federativo da pertenza da persoa solicitante ao equipo, de ser o caso
<input type="checkbox"/>	Copia do documento que acredite a condición de deportista de alto nivel ou de alto rendemento polo Consello Superior de Deportes.
Prórroga:	
<input type="checkbox"/>	Documento acreditativo da causa de inactividade, embarazo, parto ou adopción

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificado de residencia con data de última variación padroal da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
Consulta de títulos universitarios oficiais no caso de persoas adestradoras e técnicas, referidas na letra g) do artigo 5.1	<input type="checkbox"/>
Consulta de títulos non universitarios oficiais no caso de persoas adestradoras e técnicas, referidas na letra g) do artigo 5.1	<input type="checkbox"/>
Certificado de antecedentes penais	<input type="checkbox"/>
<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b> A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade representante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
Certificado expedido pola Administración tributaria relativo ao domicilio fiscal	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Presidencia da Xunta. Secretaría Xeral para o Deporte.
Finalidades do tratamento	Xestión do recoñecemento da condición de alto nivel, alto rendemento e rendemento deportivo de base en Galicia. Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude e comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. Os datos relativos a identidade, nivel de deporte, modalidade/especialidade deportiva, data de inicio e remate do recoñecemento publicaranse na páxina web do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, no caso de que obtivesen o recoñecemento. Os datos relativos a identidade, nivel de deporte, modalidade/especialidade deportiva, data de inicio e remate do recoñecemento publicaranse nos actos de divulgación dos colectivos do deporte de alto nivel, alto rendemento deportivo e rendemento deportivo de base, no caso de que obtivesen o recoñecemento.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable, en concreto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia. De ser o caso, o consentimento da persoa interesada.
Persoas destinatarias dos datos	Os datos persoais serán comunicados á Fundación Deporte Galego, ao Consello Superior de Deportes, así como a outras administracións públicas e á Federación Deportiva respectiva no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>

**Actualización normativa:** no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

CVE-DOG: nptfuih5-2w04-16b6-brj1-ygxxdfp02yb1





**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

**ANEXO I**  
(continuación)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**


Decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de  Xacobeo 2021

Secretaría Xeral para o Deporte

 **SEDE ELECTRONICA** Este formulario só poderá presentarse nas  
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: nptfuih5-2w04-16b6-brj1-ygxxdfp02yb1



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA DE GALICIA**PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

ANEXO II

**CERTIFICACIÓN DE DATOS DA FEDERACIÓN DEPORTIVA****DATOS DO/DA PRESIDENTE/A OU SECRETARIO/A DA FEDERACIÓN**

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
FEDERACIÓN DE	CARGO		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		

**CERTIFICA:**

- Que os datos deportivos que contén a presente solicitude se axustan á realidade.
- Que a persoa solicitante non está suxeita a sanción disciplinaria firme de carácter moi grave ou sanción administrativa firme en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.
- Que a persoa solicitante ten licenza federativa en vigor.

**OUTRAS CONSIDERACIÓNS:****DATOS DA PERSOA DEPORTISTA**

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CLUB	NÚMERO DE LICENZA	FEDERACIÓN DE	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

Resultados deportivos da persoa deportista polos cales solicita o recoñecemento da condición de deportista galego/a de

 ALTO NIVEL  ALTO RENDEMENTO DEPORTIVO  RENDEMENTO DEPORTIVO DE BASE

DATA	CAMPIONATO	PROBA	PROBA OLÍMPICA	CATEGORÍA	POSTO	PARTICIPACIÓN NA PROBA
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON			
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON			
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON			

**SINATURA DO/DA PRESIDENTE/A OU SECRETARIO/A**

Lugar e data

 ,  de  de  Xacobeo 2021

Secretaría Xeral para o Deporte




**XUNTA DE GALICIA**  
 PRESIDENCIA  
 Secretaría Xeral para o Deporte

**ANEXO III**
**CERTIFICACIÓN DE DATOS DA FEDERACIÓN DEPORTIVA**

DATOS DO/DA PRESIDENTE/A OU SECRETARIO/A DA FEDERACIÓN			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
FEDERACIÓN DE		CARGO	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	

**CERTIFICA:**


- Que os datos deportivos que contén a presente solicitude se axustan á realidade.
- Que a persoa solicitante non está suxeita a sanción disciplinaria firme de carácter moi grave ou sanción administrativa firme en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.
- Que a persoa solicitante ten licenza federativa en vigor.

**OUTRAS CONSIDERACIÓNS**


DATOS DO/DA ADESTRADOR/A-TÉCNICO/A						
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			
CLUB	NÚMERO DE LICENZA	FEDERACIÓN DE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
Persoa deportista:	<input type="text"/>					
Equipo/Selección nacional:	<input type="text"/>					
Resultados deportivos da persoa deportista/equipo/selección nacional polos cales solicita o recoñecemento da condición de adestrador/a-técnico/a de alto nivel:						
<input type="radio"/> Adestrador/a-técnico de alto nivel						
DATA	CAMPIONATO	PROBA	PROBA OLÍMPICA	CATEGORÍA	POSTO	PARTICIPACIÓN NA PROBA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**SINATURA DO/DA PRESIDENTE/A OU SECRETARIO/A**

Lugar e fecha

 ,  de  de 



Secretaría Xeral para o Deporte


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>






**XUNTA DE GALICIA**  
 PRESIDENCIA  
 Secretaría Xeral para o Deporte

**ANEXO IV**
**CERTIFICACIÓN DE DATOS DA FEDERACIÓN DEPORTIVA**

DATOS DO/DA PRESIDENTE/A OU SECRETARIO/A DA FEDERACIÓN			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
FEDERACIÓN DE		CARGO	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	

**CERTIFICA:**

- . Que os datos deportivos que contén a presente solicitude se axustan á realidade.
- . Que a persoa solicitante non está suxeita a sanción disciplinaria firme de carácter moi grave ou sanción administrativa firme en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.
- . Que a persoa solicitante ten licenza federativa en vigor.

**OUTRAS CONSIDERACIÓNS**


DATOS DO/DA XUIZ/A-ÁRBITRO/A					
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			
NIF	NÚMERO DE LICENZA	FEDERACIÓN DE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			
Participación do/da xuíz/a-árbitro/a polos cales solicita o recoñecemento da condición de xuíz/a-árbitro/a galego/a de alto nivel					
DATA	CAMPIONATO	PROBA	PROBA OLÍMPICA	CATEGORÍA	PARTICIPACIÓN NA PROBA
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		

**SINATURA DO/DA PRESIDENTE/A OU SECRETARIO/A**

Lugar e data

 ,  de  de 



Secretaría Xeral para o Deporte

CVE-DOG: nptfuih5-2w04-16b6-brj1-ygxxdfp02yb1



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**ANEXO V**

PROCEDEMENTO <b>RECOÑECIMENTO DA CONDICIÓ DE NÚCLEO DE ADESTRAMENTO DEPORTIVO ESPECIALIZADO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PR948B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

<b>DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE</b>								
RAZÓN SOCIAL						NIF		
<input type="text"/>						<input type="text"/>		
TIPO	NOME DA VÍA				NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>				<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR				
<input type="text"/>				<input type="text"/>				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>				
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO						
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>						

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA</b>
<input type="checkbox"/> Anexo VI (requisitos) <input type="checkbox"/> Proxecto de preparación técnico-deportivo <input type="checkbox"/> Acordo/convenio de colaboración co centro médico deportivo para o seguimento de deportistas

<b>COMPROBACIÓN DE DATOS</b>	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b> A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
NIF da entidade representante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON



**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Presidencia da Xunta. Secretaría Xeral para o Deporte.
Finalidades do tratamento	Xestión do recoñecemento da condición de núcleo de adestramento deportivo especializado. Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude e comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven diso e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Legitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable, en concreto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.  De ser o caso, o consentimento da persoa interesada.
Persoas destinatarias dos datos	Os datos persoais serán comunicados á Fundación Deporte Galego, ao Consello Superior de Deportes, así como a outras administracións públicas e á Federación Deportiva respectiva no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>

**Actualización normativa:** no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 



**XUNTA DE GALICIA**  
 PRESIDENCIA  
 Secretaría Xeral para o Deporte

## ANEXO VI

### RECOÑECEMENTO DA CONDICIÓ DE NÚCLEO DE ADESTRAMENTO DEPORTIVO ESPECIALIZADO

#### DATOS DO/DA PRESIDENTE/A OU SECRETARIO/A DA ENTIDADE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

#### CERTIFICA:

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
2. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e segundo o disposto nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Que figura inscrita no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.
4. Que ten actualizados os seus estatutos ás disposicións vixentes en materia deportiva.
5. Que non está sancionada por sanción disciplinaria deportiva firme pola comisión dunha infracción de carácter grave ou moi grave, ou sanción administrativa firme en materia deportiva pola comisión dunha infracción de carácter grave ou moi grave.

#### OUTRAS CONSIDERACIÓNS:

#### REQUISITOS PARA SER CUALIFICADO COMO NÚCLEO DE ADESTRAMENTO ESPECIALIZADO

Modalidade deportiva	Relación individual dos distintos espazos/instalacións...	m <sup>2</sup>	Descrición
Espazos, instalacións, equipamentos e medios técnicos axeitados ás necesidades da programación deportiva			
Espazos habilitados para a xestión administrativa, así como outros espazos que se considere necesario relacionar			
Equipo técnico	Nome e apelidos	DNI	Titulación
Centro de medicina para levar a cabo o seguimento médico-deportivo	Nome/Razón social		
Outras consideracións:	<input type="text"/>		

#### SINATURA DO/DA PRESIDENTE/A OU SECRETARIO/A

Lugar e data  
,  de  de




Secretaría Xeral para o Deporte



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>